



### ACTA MESA CONTRATACIÓN

#### **ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO PARA A ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA LUDUS GAMING FESTIVAL 2019. EXPTE. REF: 2018-87. LECTURA DE INFORME TÉCNICO SOBRE AS PROPOSTAS TÉCNICAS**

Sendo as 13:00 horas do día 6 de marzo de 2019, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por don X. Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de Contratación. e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica,
- don Manuel Vázquez Fernández Interventor Municipal
- dona Rosa Rodríguez Rodríguez, Técnica de Participación Cidadá.
- E actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnica do Servizo de Contratación.

Procédese a dar lectura ao informe de don Julio González Morandeira de valoración dos PROXECTOS INTEGRAIS comprensivos dos traballos obxecto do contrato presentados polos licitadores e que son obxecto de valoración conforme os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor establecidos no prego.

Os membros da Mesa entenden que sería conveniente que o informe técnico realizara unha análise de cada apartado obxecto de valoración (e non de forma global) de modo que se describa claramente dentro de cada apartado as maiores e menores vantaxes ofertadas por cada licitador e do que resulta a puntuación concreta indicada. Unha vez recibido o informe coa mencionada análise, convocarase novamente a Mesa de Contratación, a través do Perfil do Contratante da Plataforma de Contratación do Sector Público, para a súa lectura e posterior apertura dos sobres B relativos á oferta económica.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:20 h.

O PRESIDENTE,

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



A SECRETARIA,

Asdo.: Ana Tabarés Martínez